

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 29 DE XANEIRO DE 2024

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00003625Z.

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións da Xunta de Goberno Local ordinaria do 22 de xaneiro de 2024 e a extraordinaria e urxente de data 24 de xaneiro de 2024.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/425/2020.

[Licenza obra maior para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lg de A Esquiqa, 11]

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 08 de xullo de 2022 , outorgada ante o notario Dº Marcelino Estevez Fernandez co número de protocolo 9203. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico visado o 06/08/2020 , o modificado 1 do básico e o proxecto de execución de data de visado do 23/10/2020 e a documentación presentada por Rexistro do Concello en data 23.01.2023 e 08.02.2023, cun orzamento de execución material de 119.800,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lg de A Esquiqa, 11 Santiago de Compostela (A Coruña),]

3. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2023/00050024A.

[Aprobación inicial da Modificación puntual do Catálogo do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) na unidade edificatoria 511224 (rúa do Franco, 56)]

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Catálogo do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) na unidade edificatoria 511224 (rúa do Franco, 56), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en decembro de 2023.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 75.1.a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 186.1.a) do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), a modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública durante o prazo de DOUS MESES**, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

Así mesmo, notificarase persoalmente ás persoas titulares catastrais do inmovible afectado (referencia catastral 7276825NH3477E0001WX)

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.]

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019487X.

[Adxudicación do contrato “Servizo de dinamización do Espazo Apego” a ATLANTIC PONTE 2000 SL por 178.950,00 euros sen IVE]

Acórdase:

Primeiro: excluír á empresa SERIPLUSTOTAL SL. xa que non acadou o limiar mínimo de puntuación do 50% dos puntos (30 puntos) na oferta técnica na primeira fase de valoración.

Segundo: adxudicarlle, por ser a súa a mellor oferta, a ATLANTIC PONTE 2000 SL, o contrato que ten por obxecto o Servizo de dinamización do Espazo Apego, que presenta unha proposición económica de 178.950,00 €, que cun IVE do 21% por importe de 37.579,50 € fai un total de 216.529,50 €.

Terceiro: reaxustar, autorizar e comprometer un gasto por importe de 216.529,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 33402 2269900 coa seguinte desagregación por anualidades:

DESAGREGACION DO ORZAMENTO POR ANUALIDADES				
2024 (10 meses)	2025	2026	2027 (2 meses)	TOTAL
60.147,08 €	72.176,50 €	72.176,50 €	12.029,42 €	216.529,50 €

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00020480H.

Validación do acordo da Xunta de Goberno do 28/12/2023, relativo a prórroga do contrato de servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela, suscrito coa empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, S.A, polo prazo de un ano, a partir do 1 de xaneiro de 2024 |

Acórdase validar, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións públicas o acordo do 28/12/2023 que literalmente di:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela, suscrito coa empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, S.A, polo prazo de un ano, a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Segundo.- O gasto derivado deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 060 13300 2270100. TRÁFICO. TRABALLOS REALIZADOS POR OUT EMPRESAS. SEGURIDADE. O gasto da anualidade 2024 queda subordinado ao crédito que se autorice no respectivo o orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O importe da prórroga do contrato é de 663.119,12 €. |

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019310V.

Reaxuste das anualidades do contrato Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, consonte o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 asinado coa empresa COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL. |

Acórdase reaxustar as anualidades do contrato Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, consonte o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 asinado coa empresa COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL, que estende a súa execución ata o 31/07/2024, quedando o crédito distribuído do seguinte xeito:

Anualidade 2023: 12.500,00 euros

Anualidade 2024: 37.500,00 euros

O gasto previsto para 2024, queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no citado exercicio.]

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00053270Y.

Autorización da cancelación do Seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. para responder do contrato de “Prestación do servizo de colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores do departamento de Servizos Comunitarios e Medio Ambiente”. EXPTE. CON/62/2016]

Acórdase autorizar a cancelación do Seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., por importe de 1.567,19 euros para responder do contrato de “Prestación do servizo de colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores do departamento de Servizos Comunitarios e Medio Ambiente”.]

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00052111C.

Autorización da cancelación do seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, para responder do contrato de “Prestación do servizo de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano 2014”. EXPTE. CON/6/2012.]

Acórdase autorizar a cancelación do Seguro de caución en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. , por importe de 18.000 euros para responder do contrato de “Prestación do servizo de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano 2014”.]

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00053595D.

Autorizar a devolución da fianza definitiva constituída como Seguro de caución pola empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A., para responder do contrato de “Prestación dos servizos de limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela 2014”. EXPTE. CON/15/2012]

Acórdase autorizar a devolución da fianza definitiva constituída como Seguro de caución pola empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A., por importe de 57.669,87 euros para responder do contrato de “Prestación dos servizos de limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela 2014”.EXPTE. CON/15/2012.]

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00018095K.

Subsanación do erro advertido no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 24/01/2024, relativo a Autorización da ampliación do prazo de execución das obras de execución do proxecto de “Senda peonil Rúa da Medorra”. Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de data 23/01/2024, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 24/01/2024, relativo a Autorización da ampliación do prazo de execución das obras de execución do proxecto de “Senda peonil Rúa da Medorra” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS + 2022 da Deputación Provincial da Coruña, solicitada pola

empresa Obras y Viales de Galicia, S.L. (OVIGA S.L.), no que se refire a nova data límite fin de prazo, de xeito que:

Onde di:

“establecendo como nova data límite de fin de prazo o 22 de marzo de 2023”.

Debe dicir:

“establecendo como nova data límite de fin de prazo o 22 de marzo de 2024”.

11. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00003690X.

Aprobación da solicitude de axuda para o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, segundo o Real Decreto-Ley 8/2023, de 27 de decembro, para implantar unha redución do 50% do prezo dos abonos e títulos multiviaxes

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar que o Concello de Santiago, na súa calidade de titular do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros solicite, en base ás determinación contidas no Real Decreto-Ley 8/2023, de 27 de decembro, as axudas para proporcionar apoio financeiro a este servizo, pola decisión de implantar unha redución do 50% do prezo dos abonos e títulos multiviaxes seguintes:

BONO ESCOLAR que de 0,40 €/viaxe pasará a 0,20 €

BONO ORDINARIO que de 0,60 € por viaxe, pasará a costar 0,30 €

BONO MENSUAL que de 26,00 € por recarga, pasará a costar 13,00 €

Segundo.- Adquirir os compromisos a que se refire o devandito Real Decreto-Ley 8/2023 de 27 de decembro de manter estas axudas dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2024 e de financiar con cargo ós orzamentos para o ano 2024 o 20% do importe das axudas. Así como, todos aqueles compromisos que resulten da Orde Ministerial de 23 de xaneiro de 2024 do titular do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Terceiro.- Afectar, de conformidade do previsto no artigo 69 do Real Decreto-Ley 8/2023, de 27 de decembro, os importes que se perciban polo Concello, a financiar exclusivamente a prestación do servizo público de transporte urbano e, en todo caso, a compensar ós operadores de transporte, que realicen os descontos efectivos, pola merma de ingreso que poida supoñer a implantación da medida de redución do prezo dos abonos e títulos multiviaxe, nas cantidade previstas e, no seu caso, os custos de implantación da mesma e os financeiros en que puideran ter incorrido debidamente acreditados, durante os seis meses de aplicación do desconto.

12. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00003781D.

Informe – proposta de corrección de erro material do acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de febreiro de 2023, en relación ao procedemento de reserva, admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2023-2024.

Acórdase aprobar a modificación parcial, por erro material, no texto da proposta de acordo de Xunta de Goberno Local de data 22 de febreiro de 2023, incluída no acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de febreiro de 2023, establecendo a apertura no mes de agosto do curso 2023-2024 da Escola Infantil das Fontiñas se hai un mínimo de demanda, quedando o resto do acordo tal e como se recolle no mesmo.

13. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/0000353P.

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, relativo á tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio, investigación e creación audiovisual Xohana Torres, edición 2023

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, relativo á tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio, investigación e creación audiovisual Xohana Torres, edición 2023

14. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00003798A.

Acordar que o Concello de Santiago SOLICITE unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, no marco de AXUDAS E SUBVENCIONS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) pola cantidade de 85.000,00 euros ao abeiro do Programa de apoio aos CIM, a cantidade de 56.667,00 € para o exercicio 2024 e 28.333,00 € para o exercicio 2025.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Acordar que o Concello de Santiago SOLICITE unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, no marco de AXUDAS E SUBVENCIONS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM), previsto no artigo 8 da *Resolución do 29 de novembro de 202, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencions as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2024.*

SEGUNDO.- Aprobar a solicitude de subvención para as seguintes liñas:

1.1.- Subvención para un posto de persoal laboral interino na **asesoría xurídica** ata a cobertura da praza con carácter definitivo. Dito posto está contemplado nas Bases do proceso selectivo convocado para a cobertura de 5 prazas de persoal laboral fixo publicadas no BOP Nº 244 de 27/12/2023, polo quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, dentro do proceso extraordinario de estabilización. A súa dedicación ao CIM é de xornada completa.

1.2.- Subvención para un posto de persoal laboral interino de **atención psicolóxica** ata a cobertura da praza con carácter definitivo. Dito posto está contemplado nas Bases do proceso selectivo convocado para a cobertura de 24 prazas de persoal laboral fixo publicadas no BOP Nº 244 de 27/12/2023, polo quenda libre, mediante o sistema de concurso, dentro do proceso extraordinario de estabilización. A súa dedicación ao CIM é de xornada completa.

1.3.- Subvención para un posto de persoal laboral fixo, de **axente de igualdade** do Centro de Información da Muller e da Concellaría de Igualdade. A súa dedicación ao CIM é de xornada completa.

TERCEIRO.- acordar a solicitude pola cantidade de 85.000,00 euros ao abeiro do Programa de apoio aos CIM, a cantidade de 56.667,00 € para o exercicio 2024 e 28.333,00 € para o exercicio 2025.

CUARTO.- Que os gastos de persoal a solicitar son os seguintes:

AXUDA SOLICITADA (ART.8)	SUBVENCIÓN SOLICITADA		
POSTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA	Do 01/04/2024 a 30/11/2024.	Do 01/12/2024 a 31/03/2025.	TOTAL

Postos de <i>asesoramento xurídico e atención psicolóxica</i>	40.000,00€	20.000,00€	60.000,00€
Posto de <i>axente de igualdade</i>	16.667,00€	8.333,00€	25.000,00€
TOTAIS	56.667,00 €	28.333,00 €	85.000,00€

Que o custo do concello e o importe solicitado por anualidades é o expresado no seguinte cadro:

POSTOS DE TRABALLO	% XOR-NADA	SITUACIÓN LABORAL	CUSTO CONCELLO (01.04.2024 a 30.11.2024)	Subv. solicitada (1.04.2024 a 30.11.2024)	CUSTO CONCELLO (01.12.2024 a 31.03-2025)	Subv solicitada (1.12.2024 a 31.03-2025)	TOTAL SUBV. SOLICITADA 2024-2025
ASESORÍA XURÍDICA	100%	CONTRATADA LABORAL TEMPORAL	43.725,66€	40.000,00€	21.862,83€	20.000,00€	60.000,00€
ATENCIÓN PSICOLÓXICA	100%	CONTRATADA LABORAL TEMPORAL	46.491,98€		23.245,98€		
AXENTE DE IGUALDADE	100%	PERSONAL DE PLANTILLA	45.330,38€	16.667,00€	22.665,2€	8.333,00€	25.000,00€
TOTAIS SOLICITUDE SUBVENCIÓN				56.667,00€		28.333,00€	85.000,00€

QUINTO.- Que de acordo co artigo 3 da Resolución do 29 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral de Igualdade, o Concello de Santiago non recibe ningunha outra axuda pública para o mantemento do CIM, e que o salario de ditas traballadoras municipais non se imputan a ningunha outra subvención.

SEXTO.- Que á vista do artigo 20.1.2 da Resolución do 29 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral de Igualdade, o Concello de Santiago deberá presentar a documentación xustificativa da realización da medida subvencionada dentro do prazo de xustificación deste programa, que será segundo o seguinte: 1.2.- Programa de apoio aos CIM: o prazo para a presentación da documentación xustificativa da actuación subvencionada finaliza o 18 de abril de 2025.

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00003574D.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 20/2023 CA2

Sentenza nº 009/2024

PA 020/2023 CA2

Obxecto: produtividade persoal interino.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00049209Q.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 457/2023 CA1 |

Resolución: Sentenza nº 224/2023

Procedemento: procedemento Abreviado 457/2023 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Obxecto: contra Decreto do 19.2.2021 desestimatorio de recurso de reposición contra sanción por exceso de velocidade

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais. Contra a sentenza non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de Tráfico para os efectos do seu coñecemento.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00003338A.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 456/2021 CA1. |

Resolución: Sentenza 203/2023, do 22.12.2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

Procedemento: PA 456/2021

Obxecto: resolución pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra o Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo de data 8.06.2021, polo que se impón aos recorrentes unha multa coercitiva de 1.000 € a cada un polo incumprimento da orde de execución de 9.11.2016, sobre construción dun novo tabique entre local comercial e portal de vivendas.

A sentenza é favorable aos intereses municipais ao desestimar na súa integridade o recurso contencioso-administrativo. A sentenza é firme, polo que contra ela non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Disciplina Urbanística para o seu coñecemento e efectos oportunos.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00003312T.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PO 13/2023 CA2 |

Resolución: Sentenza 284/2023, do 21.12.2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Santiago de Compostela.

Procedemento: PO 13/2023

Obxecto: acordo de suspensión de licenzas adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 6.02.2022 (DOG do 11.11.2022) como consecuencia da aprobación inicial do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3)

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remítala á Dirección de Área de Urbanismo (Servizo de Planeamento e Xestión) para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00002636Z.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PO 140/2023 CA2 |

Sentenza nº 260/2023

PO 140/2023 CA2

Obxecto: falta de pago de facturas, xuros e custos de reclamación.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza e autos ditados.
2. Ordenar a non interposición de recurso de apelación.
3. Remitir ao Servizo de medio rural para a súa execución.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00002591S.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PO 334/2022 CA2- AP 4265/2023 TSXG. |

Sentenza nº 101/2023

PO 334/2022 CA2, AP 4265/2023 TSX

Obxecto: orde de cese de piso turístico en Av. Rosalía de Castro.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza e decretos ditados.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00003580S.

Tomar coñecemento do Auto de data 10/07/2022 do TSX de Galicia |

Resolución: Auto de 10.07.2020, da Sala do Contencioso-administrativo do TSX de Galicia, Sección 2ª

Procedemento: PO 4091/2023

Obxecto: Acordo do Pleno de data 16.02.2023 polo que se aproba definitivamente a modificación puntual do Título III do PXOM para a regulación de usos

O Auto declara a caducidade do recurso contencioso-administrativo ao non terse presentado o escrito de formalización da demanda no prazo legalmente previsto. O Auto declarouse firme mediante dilixencia de ordenación de 7.09.2023, na que se acorda, ademais, o arquivo do procedemento.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento

22. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00003625Z.

Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas. |

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 19 e o 25 de xaneiro de 2024.

ASUNTOS DE URXENCIA

1- COMERCIO. Referencia: 2023/00018779S

Solicitud de ampliación do prazo do proxecto Commarket.

Acórdase solicitar ante o Ministerio de Industria, comercio e Turismo unha ampliación do prazo de execución do proxecto “Commarket Santiago” ata o 31 de decembro de 2024 no eido da convocatoria de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, convocadas na Resolución da Secretaria de Estado de Comercio pola que se aproba a convocatoria para o ano 2023, do 10 de marzo de 2023

2- CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00005737C

Autorización para iniciar os trámites de recepción da obra "Acondicionamento e mellora de pavimentos no núcleo de Pardiñas".

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder á recepción das obras de "Acondicionamento e mellora dos pavimentos no núcleo de Pardiñas", nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal o lugar e hora para o acto de recepción da obra